

**Praza número:** 19/1501

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Contratado/a Doutor/a

**Dedicación:** Tempo Completo

**Área de coñecemento:** Ecoloxía

**Departamento:** Bioloxía

**Docencia:** 610G02039 Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas 610G02040 Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades

**Centro:** Facultade de Ciencias

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de profesorado contratado doutor, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D<sup>a</sup>. RODRÍGUEZ ROILLOA, SERGIO**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 22/01/2020

O reitor,

Julio Abalde Alonso

<b>Código Seguro De Verificación</b>	tOLVgGIODcrQJ+lkrCdkZg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/01/2020 12:28:02
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/1
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/tOLVgGIODcrQJ+lkrCdkZg==">https://sede.udc.gal/services/validation/tOLVgGIODcrQJ+lkrCdkZg==</a>		

